



ACTA DA ASAMBLEIA XERAL ORDINARIA CELEBRADA O 23 DE ABRIL DE 2016 AS 17:00 HORAS NO SALÓN DE ACTOS DA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, SEDE DO XXVIII CONGRESO INTERNACIONAL DA SGXX EN LUGO (AG-01 23/04/2016).

Presentes: **Presidente** Miguel Ángel Vázquez Vázquez, **Vicepresidente 1º** José Manuel Pazos Seco, **Vicepresidente 2º** Javier Pérez Martín **Secretario** José María Faílde Garrido, **Vogal Sección Social** Trinidad Viña Ayude, **Vogal Psicogerontoloxía** Carlos Dosil Díaz, **Vogal de Centros Xerontolóxicos** Luis Lorenzo Mur, **Vocal de Formación e Investigación** Isabel González-Abraldes Iglesias, **Vocal de Enfermaría** Marta Ulloa Méndez y **Vocal da Sección de Clínica** Sonia María Barros Cerviño e **Vocal de Xerocultura** Raquel Ramos Rodríguez e coa asistencia de 15 socios.

Excusa asistencia: O Sr. **Tesourero** D. Cesáreo López Vidal.

Consecuente a orde do día establecido, acordan os seguinte que o Sr Secretario recolle para que conste:

1. Lectura da acta anterior e aprobación se procede

Dase lectura o acta da última assembleia Xeral celebrada en Ourense o 27 de Xuño de 2015 e procedese a súa aprobación sen modificacións.

2. Informe do Sr. Presidente e acordos

- Dase conta da campaña de dinamización e visibilización da SGXX a traveso das redes sociais que manteñen o Responsable da web, o Responsable de Comunicación e a Vogal Dna, Trinidad Viña coa supervision e apoio da Xunta Directiva da SGXX.
- Xa se han publicaron as convocatorias de premios, bolsas e becas na web da SGXX, así como a resolución das mesmas. Ampliarase prazo ate finais de Outubro xa que non hai moitas solicitudes.
- En relación o proxecto de edición da revista "*International Journal of Geriatry and Health*", o Sr. Presidente informa de que ate a data soamente se teñen recibido dous manuscritos para valoración, e non saíu dende a súa creación número algún, nin neste ano nin coa Xunta Directiva anterior. Así mesmo, informa del cese voluntario do Editor Xefe da Revista. Tralos intentos baldíos de atopar un novo Editor Xefe e a valoración de inviabilidade da revista, xa que non hai orixinais manuscritos para publicar ni director da mesma, a Xunta Directiva propón a súa suspensión provisional se fose posible, ou definitiva se é o caso que non se poida facer provisoria. O Sr. Presidente puxose en contacto cos representantes da Editorial Elsevier, responsables da publicación e soporte da revista dixital da SGXX, para poñelos ao corrente da situación. Expostos os motivos, estes non plantexaron inconveniente en rescindir o contrato sen costes engadidos os iniciais de creación en 2014.



- Aprobase a supresión da revista e acordase pospoñer a decisión de cancelar o proxecto mentres non sexa requirido pola editorial Elsevier.
- Como alternativa a revista, e dacordo cos Estatutos da SGXX, acordase continuar co boletín ou a News da SGXX, con periodicidade alomenos semestral, coa intención de manter un vínculo informativo cos/as socios/as.
 - Informase del recente pasamento do Dr. D. Luís Rodríguez Míguez, Socio fundador da SGXX e primeiro secretario da mesma. Dende a sociedade foille enviada unha nota de testemuña desta importante perda a súa familia, na que se fixo constar o noso pesar persoal e profesional pola súa perda e o recoñecemento desta sociedade a unha persoa tan significativa para a xerontoloxía galega e a labor desenvolvida. Proponse como homenaxe celebrar no 2017 unhas Xornadas en Ourense sobre “Termalismo e vellez”, habida conta de que estas eran dúas áreas nas que foi moi significativa a súa contribución. Proposta que foi aprobada pola assemblea.
 - Mantense o convenio coa Federación de Down Galicia e estanse reactivando estes cos colegios profesionais de Educadores y Traballadores Sociais.
 - Solicitase a aprobación dun un seguro de responsabilidade civil, e de accidentes no desempeño de actividades a prol da SGXX e que non existe na actualidade, e aprobase o mesmo.
 - Acordase deixar constancia das felicitaciónes os comités organizador científico, así como o presidente do Comité Organizador XXVIII Congreso Internacional de Xeriatría y Xerontoloxía (Lugo, 2016) e a todo seu equipo polo excelente traballo realizado.
 - Acordase a creación da “Escola de xerontoloxía”, que entre outras funciónes terá as de certificar e organizar accións de formación da SGXX.
 - Informa da aprobación de tres publicaciónes (guías y/o documentos técnicos), para os vindeiros meses, entre o que está o documento de consenso elaborado polo grupo de traballo de psicoxerontoloxía.

Asamblea aproba o Informe do Sr. Presidente.

3. Lectura e aprobación, si procede, do informe do Sr. Secretario

- a. Informa dos premios e distincions outorgados pola Sociedade, así como os concedidos polos Xurados das convocatorias habidas con ocasión do XXVIII Congreso.

Premio a Mellor Comunicación Oral Clínica

Título: *“Música y envejecimiento en cuatro grupos de ancianos residentes: con depresión, con deterioro cognitivo, en cuidados paliativos y ancianos sanos”.*

Autora: Rey Grandal, M.



Premio a Mellor Comunicación Oral Social (acuerdase conceder dous primeiros premios ex aequo)

-Título das comunicacións premiadas e autores:

Título: *“Impacto de un programa de envejecimiento activo desarrollado a través de herramientas Tecnológicas”.*

Autores: Nieto Rivero, Laura.

Título: *“Satisfacción nos equipos de atención xerontolóxica: unha achega do Grupo de Traballo de Clima Laboral”.*

Autores: Nieto Piay García, A.

Nota: Premios dotados con 600€ (IRPF e impostos incluídos) e Diplomas Acreditativos) para cada unha das modalidades de presentación de Comunicacións Oraís, e dicir: Social e Clínica. Os exaequo son compartidos.

Premio a Mellor comunicación en formato póster

Título: Influencia de los factores sociodemográficos sobre el estilo de vida saludable en personas mayores.

Autores: Rubio, L., Dumitrache, C.G., Mercado E., Di Giuso, C. y Martín, E.

Nota: Premio dotado con 400€ (IRPF e impostos incluídos) e diploma acreditativo.

b. Memoria de actividades 2015

O Sr Secretario realiza o resumen, que se xunta como anexo, das actividades desenvolvidas ao longo do ano 2015.

c. Aprobación, si procede, da incorporación definitiva de socios/as entre das solicitudes recibidas ate la data de celebración da presente Asamblea.

Dende el 27 de xuño de 2015 solicitaronse as seguintes ALTAS e comunicáronse as BAIXAS DE SOCIOS que seguen:

ALTAS (desde xuño de 2015):

- Dña. María López López
- Dña. Rocio Romero López
- Dña. Patricia Varela Sande
- Dña. Laura Vilaboy Romero
- Dña. Laura Folgueira García
- Dña. Marina Requejo Román
- Dña. Eugenia Durán Pérez
- Dña. Natalia Verez Covelo
- Dña. Olivia Losada Diez
- Dña. Aurora Martínez Vidal
- Dña. Sonia María Barros Cerviño



Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría

Secretaría General

Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela

Rúa San Pedro de Mezonzo, 39

15701 Santiago de Compostela (A Coruña)

- Dña. José Luis Fernández Rodríguez-Villamil
- Dña. Cristina Fernández Yáñez
- Dña. Estanislao Villar Bermejo
- Dña. Gloria García Barreiro
- Dña. Eduardo Barros Pereira
- Dña. Paula De la Barrera Fernández
- Dña. María Jesús Prieto Souto
- Dña. María del Pilar Fernández Fernández

BAIXAS (solicitadas por escrito polas persoas que se citan):

- Dña. Natalia Seoane Francisco
- Dña. Ana Maseda Rodríguez
- Dña. Laura Lorenzo López

Por outra parte, aprobase un novo procedemento para aprobación de novos socios, que requirirá que a solicitude se faga obrigatoriamente a traveso da web, xuntando o DNI e o curriculum, e eliminando o requirimento previo de avais, que será efectuado posteriormente de oficio polo Sr Presidente e polo Sr Secretario da Sociedade, e non pola persona solicitante da alta como Socia. A Xunat Directiva poderá solicitar a ampliación de información si o Curriculum Vitae non fose suficiente a este efecto.

Así mesmo, a assemblea faculta a Xunta Directiva para que a comunicación os socios se faga vía correo electrónico, tanto para as Convocatorias de Asamblea Xeral ordinaria, como extraordinaria e cualquier outra que proceda, atendendo a los sistemas actuales de comunicación social.

Por último, en relación ós socios, el secretario informa da necesidade de actualizar e depurar a base de datos xa que contén numerosos erros.

A assemblea aproba o informe do Sr. Secretario.

4- Lectura y aprobación, se procede, do Informe do Sr. Tesourero.

Pendiente de informe de Chema Pazos

A assemblea aproba o informe do Sr. Tesorero.

5. Determinar a data, lugar e persona responsable do Comité Organizador do próximo XXIX Congreso Internacional de Xeriatría e Xerontoloxía da SGXX y del 59º Congreso Nacional da Sociedad Española de Geriatría y Gerontología (SEGG) que



terá como inicialmente como sede Vigo según fue aprobado por la SEGG no seu ultimo Congreso.

Informase que a SEGG xa ten decidido que a sede do *XXIX Congreso Internacional de Xeriatría e Xerontoloxía* da SGXX e a do *59º Congreso Nacional de la Sociedad Española de Geriatría y Gerontología* (SEGG) será Vigo. Como ven sendo habitual, será preciso levar un stand o *58º Congreso Nacional de la Sociedad Española de Geriatría y Gerontología* (Sevilla), se bien este asunto debe ser confirmado pola SEGG.

A Asamblea aproba que a persoa responsable do Comité Organizador y Presidente del mismo, sexa o Dr. D. Miguel Ángel Vázquez Vázquez, Presidente da SGXX se prevé que sexa en xuño de 2017, aínda que a data definitiva e o lugar ten que confirmalo a SEGG.

O Presidente solicita da Asamblea de Socios que si teñen algunha proposta sobre o lema, que o fagan chegar a SGXX a maior brevidade.

Por outra parte, a Asamblea faculta a Xunta Directiva da SGXX para que tome as decisións con autonomía en relación a organización do referido evento científico.

6. Informe, aprobación e dotación económica para a implementación de novas accións formativas 2016-2017.

A asamblea ratifica o acordo da Xunta Directiva da SGXX, en relación a implementación das seguintes accións formativas, con unha dotación de ate 5.000€ cada una, aínda que se tratará de que sexan autofinanciadas:

- Medios de Comunicación y Personas Mayores (tense amosado interese no mesmo pola La Voz de Galicia e o Progreso de Lugo).
- Educar para prever os estereotipos Idadistas.
- Atención primaria e Xeriatría.
- Síndrome confusional Agudo.
- Seguridade vial e persoas Maiores.
- Atención integral centrada na persoa (AICP).

7. Personalidade Xerontolóxica do año a proposta da Xunta Directiva da SGXX.

A Asamblea de Socios ratifica o acordo da Xunta directiva de conceder a distinción de personalidade Xerontolóxica do año 2015 a favor do presidente da Confederación Galega de Organizacions de Maiores (Cogama), D. José Piñeiro Bernárdez e o seu vicepresidente D. José Andrade Paz.

A SGXX reconece deste xeito a súa significación e activismo a favor das persoas Maiores. Realizaráse unha Xornada de Información e entrega destes galardons.



8. Convocatorias e Comunicados formais a traveso da web da SGXX

La Asamblea aproba que en diante todas as convocatorias e comunicados oficiais, entre eles a convocatoria de assembleas xerais se fagan a traveso da web da SGXX ó mail dos/las Socios/as.

9. Rogos e preguntas.

Non se plantexou ningún rogo ou pregunta, se ben se estableceu un breve debate sobre a pertinencia de celebrar as Assembleas Xerais de Socios, en outro día e lugar que non sexa o sábado despois do Congreso. Nembargantes, tras diversas opinións finalmente acordase que a mellor opción é manter a convocatoria polo serán do último día do congreso anual da SGXX, que é como se ven facendo.

Estabeleceuse tamén un debate perto da conveniencia de manter ou non a cea de gala nos Congresos, xa que neste non se fai. Acordase que no próximo Congreso se evalúe novamente esta proposta, dado que será un Congreso con cea da Sociedade.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión as 19:05 horas, no día e lugar arriba sinalado

Fdo.: D. Miguel Ángel Vázquez Vázquez

Presidente da SGXX

Fdo.: D. José María Faílde Garrido

Secretario da SGXX